

# FICHA DE PROGRAMACIÓN

'PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA' – Módulo I – 2 Sesións

## >> FERRAMENTAS PARA A INNOVACIÓN : DESIGN THINKING

DINAMIZA: XENEME proxectos sociais – Diego Parajó Naveira

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	28 de xuño   2 de xullo de 2018	<b>DURACIÓN</b>	15 horas
<b>HORARIO</b>	9:30 – 17:00 h.		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN</b>	Santiago de Compostela   Rúa Dublín, nº 3 baixos   Nas instalacións de Cegasal en Combina Social		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Tino Gago Conde   Unión de Cooperativas EspazoCoop	<b>teléfono</b>	881 887 456
		<b>e-mail</b>	tino@espazo.coop

### OBXECTIVOS

#### 'PENSAR FORA DA CAIXA'

Esta proposta pretende achegar metodoloxías creativas orientadas á resolución de problemas. Falamos de design thinking, service design ou creative problem solving. Estas metodoloxías facilitan os procesos de ideación, xeración e prototipado de solucións dunha forma creativa usando técnicas como o pensamento diverxente, a hibridación ou o deseño centrado no usuario.

Para moitas persoas significa usar o sentido común e explorar novos camiños no potencial creativo que toda persoa ten.

Estas metodoloxías sistematizan ese traballo, canalizan os resultados e facilitan a innovación.

#### | Obxectivos xerais |

- 1) Coñecer diversas metodoloxías creativas para o desenvolvemento de ideas innovadoras: *design thinking*, *visual thinking*, *creative problem solving*, pensamento diverxente, hibridación, learn by doing, etc.
- 2) Abordar e explorar problemáticas e realidades das empresas de economía social para o deseño de solucións novas.
- 3) Aprender a deseñar e prototipar solucións aos retos propostos.
- 4) Aprender a traballar en equipos de forma áxil.
- 5) Valorar a idoneidade da implantación destas propostas metodolóxicas nas empresas.

### PROGRAMA

#### 'UNHA FORMACIÓN VIVENCIAL E EXPERIENCIAL'

Proponse unha formación en dúas sesións (de 7,5 horas cada unha) que permita facer unha viaxe polas diferentes técnicas usadas en *design thinking* para achegar de forma práctica a súa utilidade, a súa flexibilidade e potencial.

**Sesión 1:** A primeira sesión será de formación e adestramento nas diferentes metodoloxías creativas, e no *design thinking* en concreto. Proporemos a resolución dun RETO (conectado coas empresas cooperativas e de economía social). Nesta xornada aprenderemos técnicas concretas e analizaremos a idoneidade e potencialidade do uso das mesmas nas nosas empresas. Desenvolveranse 2 iteracións. A primeira un ciclo curto de deseño. A segunda ampliando os contidos.

**Sesión 2:** Na segunda sesión, coa metodoloxía interiorizada, abordaremos retos concretos e desenvolveremos varias iteracións sobre diversos prototipos. Desenvolverase 1 iteración completa dun proceso de deseño.

**Sesións de Tutoría en liña** | do 3 ao 20 de xullo: Para apoiar ao alumnado na implementación de medidas no seu día a día e ampliar coñecementos, pero sobre todo para poñer en práctica aspectos lanzados no curso.

### CONTIDOS

- 1) Utilidades da incorporación de procesos creativos nos equipos de traballo.
- 2) Experiencias e exemplos de éxito (e fracaso).
- 3) Metodoloxías de traballo:  
Design Thinking  
Creative Problem Solving
- 4) Técnicas de creatividade e Visual Thinking.
- 5) Técnicas de traballo e dinamización grupal para procesos creativos.
- 6) Xestión emocional nos procesos creativos.
- 7) Intelixencia emocional. Xestión e regulación.
- 8) Prototipado Rápido.
- 9) Storytelling.
- 10) Técnicas de comunicación transmedia.

**Acción formativa** : Os contidos desenvólvense paralelamente a un proceso específico de design thinking, complementando explicacións e exercicios prácticos.

### METODOLOXÍA

Un enfoque metodolóxico buscará sorprender, formar e divertir para interiorizar o sistema de traballo. | FORMACIÓN VIVENCIAL E EXPERIENCIAL |

**DESTINATARIAS** | PERSOAS DE EQUIPOS DIRECTIVOS E XERENCIAIS DE COOPERATIVAS, E DOUTRAS ORGANIZACIÓNS DE ECONOMÍA SOCIAL |



Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social